

Instrucións

Ademais das tarxetas que acompañan este texto, precisaredes un pequeno saco de tea ou unha caixa e un alfabeto de madeira ou de goma, ou mesmo de papel. Hai tendas onde vos podedes facer con ambos obxectos por un prezo máis que razoábel.

A persoa que dirixe o xogo mete o abecedario na caixa ou na bolsa (que evidentemente non pode ser transparente) e coloca ao seu carón as tarxetas recortadas e baralladas.

Extrae unha letra, di o seu nome en voz alta e a continuación levanta unha das tarxetas e a le para todos. A rapazada debe buscar unha palabra ou oración que cumpra o pedido pola tarxeta comezando pola letra sinalada.

Un exemplo: pola letra A, un adverbio que remate en MENTE. Vale axilmente, amabelmente ...

Se traballamos cun grupo amplo para sermos máis obxectivos á hora de saber quen foi máis rápido en dar coa resposta correcta, podemos sinalar que a escriban nun caderno. A persoa que teña a resposta correcta debe levantar o caderno e así dunha simple ollada quen guía o xogo poderá saber quen merece o punto. Gaña, evidentemente, aquel xogador que ten máis puntos.

Temporalización: aproximadamente 20 minutos.

Idade recomendábel: é un xogo adecuado para nenas e nenos de entre 10 e 13 anos.

Acrecentamos nesta páxina unha proposta de cartóns, se cres conveniente xogar con eles non tes máis que recortalos. Para faceres o material un pouco máis duradeiro podes fotocopialo en cartolinas de cores e mesmo plastificalos.

Esta batería permite repasar contidos evidentes e sinxelos relacionados principalmente coa área de Lingua e Literatura Galega, modificar o material para calquera outra área non resultará difícil. Ademais os que xogan terán a oportunidade de lembrar cousas como que o Y non existe na nosa lingua, que practicamente non temos prensa escrita en galego ou que os nomes das nosas letras teñen xénero masculino.

Por Patricia Arias Chachero

un verbo da primeira
conxugación

o que menos che gusta
das clases de galego

un verbo da terceira
conxugación

a palabra máis bonita da
nosa lingua

unha comida

un adxectivo

un adverbio rematado en
MENTE

o nome dunha escritora
galega

unha palabra aguda que
leve acento gráfico

de maior queres ser...

un animal

algo que dea noxo

algo que se atope nesta
aula

unha palabra bisílaba que
leve acento gráfico

unha palabra esdrúxula

un xornal publicado en galego

o nome dun río galego

unha palabra grave que non leve acento gráfico

un nome de rapaza que non remate en A

o título dun libro escrito na nosa lingua

un topónimo galego

un nome de rapaz que non remate en O

unha palabra que defina este xogo

un verbo da segunda conxugación

unha palabra que defina o que sentes pola lingua galega

unha adxectivo que defina o profesor ou profesora

formula un desexo

o que máis che gusta das clases de galego

unha palabra polisílaba

unha froita